

Tedes nas vosas mans a programación desta temporada para público familiar, **pensada para maiores de 4 anos**, unha completa selección de espectáculos para iniciar as nenas e os nenos en mundos creativos, para internarse en imaxinativos territorios para a sensibilidade, a memoria emotiva, o adestramento afectivo e a descuberta da beleza e a arte.

O teatro ofrécelles ás crianças unha oportunidade para medraren, para viviren unha experiencia que as involucra no seu desenvolvemento completo como persoas, a nivel físico, cognitivo, emotivo e de relacións. Mais tamén nos ofrece a nós, as persoas adultas, a posibilidade de volvemos facer uso de códigos que usamos e máis tarde esquecemos pero que están aí a agardaren únicamente a ser sacados de novo á luz.

Todos os espectáculos teñen pases para público de centros educativos en horario lectivo e un pase o sábado pola tarde para público familiar. Que mellor opción que gozarmos e compartirmos cos nosos fillos e coas nosas fillas un espectáculo que faga florecer o seu pensamento creativo!

**VÉMONOS NO TEATRO!!**

#### **FUNCIÓN**

Xoves e venres ás 9.30 e 11.30h. para público escolar e os sábados ás 18.30h, agás Arlequina que só ten función pública

## **PRIMAVERA 2019 TODO PÚBLICO Fórum Metropolitano**

### **COUSAS QUE DEBES SABER ANTES DE VIR VERNOS**

- O despacho de billetes abre unha hora antes do comezo de cada espectáculo e só se quedan entradas.
- Pídese puntualidade. Non se permitirá o acceso á sala unha vez comece a función.
- Non está permitido a entrada á sala con comida ou bebida (agás auga).
- Non está permitido sacar fotos nin gravar durante a función.
- Todo o que acceda ao recinto no que terá lugar o espectáculo debe facelo con entrada.

### **VENDA DE ENTRADAS E ABONOS**

#### **ENTRADAS**

**ENTRADA: 6,00 €**

**ABONO 3: (3 entradas para a mesma función) 15,00 €**

**MENORES DE 3 AÑOS: 2,00 €**

#### **DESPACHO CENTRAL DE BILLETES**

##### **PRAZA DE OURENSE**

De luns a venres, excepto festivos  
de 9:30 a 13:00h. e de 16:30 a 19:30h.

#### **TELEVENDA 902 044 226**

Luns a venres de 9:00 a 22.00h.  
Sábados de 14:00 a 22:00h.  
Domingos de 16:00 a 21:00h.

#### **MÁIS INFORMACIÓN**

[www.coruna.es/cultura](http://www.coruna.es/cultura)



CORUÑA  
PRÓXIMA



#### **PRÉGASE PUNTUALIDADE**

Unha vez comezado o espectáculo non se permitirá o acceso á sala.

#### **DESPACHO DE BILLETES**

##### **FÓRUM**

Aberto só os días de función desde unha hora antes (só se quedan entradas dispoñibles).

#### **WEB [www.ticketea.com](http://www.ticketea.com)**

Servizo permanente 24h.

Depósito Legal: C 25004-2018



## **PRIMAVERA 2019**

# **TODO PÚBLICO**

## **Fórum Metropolitano**

**Artes escénicas para todas as idades**



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña

CORUÑA  
CULTURA



# TODO PÚBLICO

Fórum Metropolitano



## +4 ANOS



FEBREIRO / SÁBADO 02 | 18.30h. | 50 min. | +4 anos

## +5 ANOS

### GAIA

ENTREMANS

Galicia

Noso fogar, a Terra, está a cambiar rapidamente... Debemos atopar unha forma de vida máis respectuosa para protexer o noso planeta e o medio ambiente. GAIA pertéñenos a tod@s. Podemos debuxar xunt@s, un mañá feliz e un mundo a toda cor.

Entremans presenta unha peza didáctica para público familiar "GAIA". Realiza, así, o seu segundo espectáculo infantil, logo da boa acollida que tivo a nivel nacional o seu anterior espectáculo XOGA.

Gaia é un espectáculo onde a voz e a danza nos achegan coñecementos dende unha óptica visual e imaxinativa. É unha historia en movemento na que a pintura, a música e o audiovisual nos axudan a descubrir a intensidade, o poder e a beleza das características do noso planeta e dos seus tesouros naturais. É un encontro didáctico co que entender a importancia da interacción entre as persoas e o medio ambiente.

**AUTORÍA E DIRECCIÓN:** Kirenia Martínez e Estefanía Gómez.  
**MÚSICA:** Carla López e Iago Mouriño.



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS

## +6 ANOS



MARZO / SÁBADO 16 | 18.30h. | 45 min. | +4 anos

### PATAPATUM

ELEFANTE ELEGANTE

Galicia

Sorpresa! E outra! E moitas máis! Unha montaña de agasallos! Grandes, pequenos, lixeiros, pesados, azuis, verdes, laranxas, cadrados, redondos, brandiños, sobre rodas.

Agasallos de todas formas e mesuras, pero sempre divertidos. A familia medra feliz. Os más pequenos emocionados non dan feito entre tanto xoguete. Pero os maiores, atados pola espiral do tempo con compromisos e obrigas, non son quen de facer un oco na súa apretada axenda para compartir a fantasia cos más pequenos. PATAPATUM é unha reflexión sobre o tempo, a crianza e como tapamos e enchemos os baleiros das nosas ausencias.

Un bo día Ton desaparece e Tin debe emprender unha viaxe na súa procura, unha viaxe chea de sorpresas que o levará a recunchos insospeitados.

Calcetíns, sabas, pantalóns, fregonas, escobas, ferros e outros obxectos cotiáns dan vida á nova creación da Canica, a súa proposta teatral más divertida e desenfadada.

**INTERPRETACIÓN:** Eva Soriano y Manuel Pico.  
**AUTOR E DIRECTOR:** Pablo Vergne.



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS

## +7 ANOS

## +8 ANOS



ABRIL / SÁBADO 27 | 18.30h. | 45 min. | +4 anos

### HISTORIAS DE UN CALCETÍN

LA CANICA

Madrid

Ton e Tin Son un par de calcetíns inseparables. Onde está Tin está Ton e onde está Ton está Tin. Desde pequenos creceron xuntos compartindo risas aventuras e travesuras.

Un bo día Ton desaparece e Tin debe emprender unha viaxe na súa procura, unha viaxe chea de sorpresas que o levará a recunchos insospeitados.

Calcetíns, sabas, pantalóns, fregonas, escobas, ferros e outros obxectos cotiáns dan vida á nova creación da Canica, a súa proposta teatral más divertida e desenfadada.



MAIO / SÁBADO 25 | 18.30h. | 40 min. | +4 anos

### DE TODO CORAZÓN

TEATRO PARAÍSO

País Vasco

Unha introducción ao mundo do teatro, das artes escénicas, por iso cando os nenos chegan á sala, a actriz e a violinista recibenllas e acompañánllas no camiño de entrada ao "mundo máxico", dándolle a benvida co seu sorriso e a súa música. Despois a actriz caracterízase como pallaso diante dos nenos, nun momento de gran delicadeza. E a partir dese momento comeza a aventura do TEATRO.

Nun pequeno decorado de cores brillantes desenvólvese a historia dun pallaso e un paxaro que nacen do mesmo ovo. Cómplices como dous xemelgos, viven xuntos pequenas aventuras explorando os seus sentimentos: entre a tenrura e a cobiza, o medo e a alegría.

A sutileza do espectáculo transpórtanos a un universo poético, no cal os nenos navegan con confianza e admiración. Cando o espectáculo chega ao seu fin é o momento de ?regresar?. Chega a hora da despedida. Mentre soa o violín, o pallaso conduce aos nenos cara á saída, acompañándolle no seu camiño de volta.

**INTÉPRETES:** Clown: Rosa A. García, Violinista: Meggy Khabourdzania.  
**AUTORA:** Rosa A. García.  
**DIRECCIÓN:** Tomás Fdz. Alonso.



XUÑO / SÁBADO 01 | 18.30h. | 60 min. | +4 anos

### ARLEQUINA

MONICREQUES DE KUKAS

Galicia

Espectáculo dirixido a todos os públicos que combina o traballo de actor e a pantomima coa animación de marionetas e a maxia coa música en directo nun espazo no que todos os elementos forman parte da divertida, misteriosa e trepidante aventura que supón a viaxe dunha peculiar e curiosa marioneta chamada Arlequina na busca da súa identidade contando para elo coa axuda de Marchelino, un vello e estrafalario artista e titiriteiro.

**INTÉPRETES:** Jorge Casas Caneiro, Isaber García Coldeira, Borxa Insua Lema, Marcelino de Santiago, Larraitz Urrozola Tolosa, Ero Vázquez Cabrera.

**AUTOR:** Marcelino de Santiago.

**DIRECCIÓN:** Isabel Rey e Kukas.

Espectáculo en galego.



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS